



Bases do I Concurso de Solistas de Galicia

Quen pode participar?

Pode participar calquera músico de entre 10 e 18 anos de idade ou cursando conservatorio profesional.

Para participar haberá que cumprimentar o formulario dispoñible na nosa web e enviálo ao correo asocmusicaviva@gmail.com.

O concurso realizarase no Centro Superior de Música de Galicia (Valga) os días 26 e 27 de Decembro do 2019 en horario de mañá.

Os/As participantes deberán ser galeg@s ou estar cursando os seus estudos musicais en Galicia.

Categorías

Haberá dúas categorías diferenciadas por idades, de 10 a 14 ambos incluídos e de 15 a 18.

Para a *Categoría A* deberase presentar un programa cunha duración entre 4 e 10 minutos, no que se interpretarán dúas obras ou movementos contrastantes.

Para a *Categoría B* deberase presentar un programa cunha duración entre 8 e 20 minutos, no que se interpretarán dúas obras ou movementos contrastantes.

Premios

Categoría A (10 – 14):

- *1º clasificado*
 - Dar un concerto coa Orquestra do CSM Galicia (curso 20/21)
 - Dar un concerto no Ciclo de Música no Museo

- 20% de desconto nunha Master Class da súa especialidade no CSMG (curso 2019/20)
- *2º clasificado*
 - Dar un concerto coa Orquestra do CSM Galicia (curso 20/21)
 - Dar un concerto no Ciclo de Música no Museo
 - 20% de desconto nunha Master Class da súa especialidade no CSMG (curso 2019/20)

O xurado terá liberdade de escoller a mais seleccionados da categoría para tocar no Ciclo de Música tendo así a oportunidade de dar un recital nunha localización moi especial.

Categoría B (15-18):

- *1º clasificado*
 - Dar un concerto coa Orquestra do CMS Galicia (curso 20/21)
 - Dar un concerto no Ciclo de Música no Museo
 - 10% de desconto na matrícula do grao superior do CMSG (curso 2020/21)
 - 20% de desconto nunha Master Class da súa especialidade no CSMG (curso 2019/20)
- *2º clasificado*
 - Dar un concerto coa Orquestra do CSM Galicia (curso 20/21)
 - Dar un concerto no Ciclo de Música no Museo
 - 20% de desconto nunha Master Class da súa especialidade no CSMG (curso 2019/20)

O xurado terá liberdade de escoller a mais seleccionados da categoría para tocar no Ciclo de Música tendo así a oportunidade de dar un recital nunha localización moi especial.

O repertorio e as datas dos concertos solistas coas orquestras serán tratados a título individual entre os gañadores por premios e os directores das respectivas orquestras.

Así mesmo as datas dos concertos do Ciclo de Música no Museo serán informados coa maior brevidade posible.

Documentación

A data límite para a inscrición é o **15 de Decembro**.

Coa ficha de inscrición debidamente cuberta deberase adxuntar o DNI escaneado e as **obras en formato pdf**

O día das probas deberá ter 2 copias das obras a interpretar.

Xurado

O xurado estará composto por 5 membros de recoñecido prestixio.

A decisión do xurado será firme e inapelable e farase pública o día 27 ao rematar todas as audicións.

- No caso de levar pianista acompañante será responsabilidade do intérprete.